

RESOLUCIÓN REITORAL DO 23 DE SETEMBRO DE 2021 POLA QUE SE PUBLICA A OFERTA DOS OBRADOIROS DO PRIMEIRO CUADRIMESTRE DO CURSO 2021/2022 NO CAMPUS DE VIGO

En virtude do disposto na resolución reitoral do 16 de xuño de 2021, pola que se publica a convocatoria de axudas para organizar os obradoiros de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo no primeiro cuadrimestre do curso 2021/2022 na base 7ª “A vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria para o campus de Vigo e as vicerreitorías dos Campus de Ourense e Pontevedra, para os seus respectivos campus poderán tomar a iniciativa de organizar obradoiros para cumprir os seus obxectivos previstos..... A Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes (no campus de Vigo) ou o consello de campus (nos casos de Ourense e Pontevedra) serán informados dos obradoiros propostos”, e tendo en conta os acordos da Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes de 19 de xullo de 2021, esta Reitoría RESOLVE:

Facer pública a oferta de obradoiros do primeiro cuadrimestre do curso 2021/2022 para o campus de Vigo que figuran no Anexo I.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 01/12/2018 (D.O.G. do 7)

A vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria

(asinada electronicamente)

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

Campus	Código	Nome do obradoiro	Lugar	Límite máximo de prazas	Límite mínimo de prazas (70% do máximo)	Duración	Créditos ECTs	Data de inicio	Horario
Vigo	2021/701	Comunícate coas mans II. Lingua e cultura da comunidade xorda (Nivel II)	Fac. de Filoloxía e Tradución: - Martes: aula A8 - Xoves: sala de estudo (Biblioteca)	20	14	33 horas 30 presenciais + 3 de dedicación do alumnado	33 horas de recoñecemento	14 de outubro	Martes e xoves de 16:00 a 18:00
Vigo	2021/702	Obradoiro avanzado de identificación de cogomelos	Facultade de Química. Aula 27	12	8	30 horas	1 E.C.T.S.	19 de outubro	19 e 26 de outubro; 2, 9, 16, 23 e 30 de novembro; 7, 14 e 21 de decembro Martes de 16:00 a 19:00
Vigo	2021/703	Obradoiro básico de identificación de cogomelos	Facultade de Química. Aula 24	16	11	30 horas	1 E.C.T.S.	14 de outubro	14, 21, 28 de outubro; 4, 11 e 25 de novembro; 2, 9 e 16 de decembro Xoves de 16:00 a 19:30 h. 4/XI, 25/XI 9/XII 16:00 a 19:00
Vigo	2021/704	Oratoria e Comunicación para profesionais	Escola de Enxañería Industrial (Sede Campus)- Pendente confirmar aula	10	7	20 horas	20 h. de recoñecemento	13 de xaneiro de 2022	Xaneiro de 2022 13 de 16:30 a 20:30, 14 de 16:30 a 19:30, 15 de 9:30 a 13:30, 20 de 16:30 a 19:30, 21 de 16:30 a 19:30 22 de 10:30 a 13:30



Vigo	2021/705	Palabras máxicas: A vida secreta da canción de amor	EUEE (torrecedeira 105) Seminario Paz Andrade	14	10	30 horas	1 E.C.T.S.	13 de outubro	13, 20, 27 de outubro; 3, 10, 17 e 24 de novembro; 1, 15 e 22 de decembro Mércores de 17:00 a 20:00
Vigo	2021/706	Cosmética natural aproveitando a contorna	Centro comercial Cidade Universitaria. Local A8	13	9	30 horas	1 ECTS	13 de outubro	Mércores: de 16:00 a 19.00 h.
Vigo	2021/707	Agricultura orgánica. Deseño, planificación, implantación e manexo dunha horta orgánica	Fac. de CC. do mar Aula 14. Horto (detrás do CINBIO)	15	10	30 horas	1 E.C.T.S.	18 de outubro	18 e 25 de outubro; 8,15,22 e 29 de novembro; 13 e 20 de decembro 2021; 10 e 17 de xaneiro 2022. Luns de 17:00 a 20:00 h.
Vigo	2021/708	* Obradoiro básico de ukelele	Camerinos do teatro	10	7	30 horas	1 E.C.T.S.	15 de outubro	15, 22, 29 de outubro; 5, 12, 19 e 26 de novembro; 3, 10 e 17 de decembro Venres de 10:00 a 13:00
Vigo	2021/709	AULA DE TEATRO **Iniciación ao teatro	Edificio de deportes. Sala multiusos 2	15		30 horas	1 E.C.T.S.	13 de outubro	13, 18, 20, 25 e 27 de outubro, 3, 8, 10, 15, 17, 22, 24 e 29 de novembro e 1 e 9 de decembro luns e mércores de 16:30 a 18:30 h.
Vigo	2021/710	AULA DE MUSICA E BAILE TRADICIONAL GALEGO ***	Teatro da Cidade Universitaria	30		30 horas	1 E.C.T.S. (Por cuadrimestre)	18 de outubro	Luns de 15:30 a 18.30 h.
Vigo	2021/711	Pan de "formento". Recobrando a tradición	Centro comercial Cidade Universitaria. Local A8	12	8	30 horas	1 E.C.T.S.	14 de outubro	14, 21, 28 de outubro; 4, 11, 18 e 25 de novembro; 2, 9 e 16 de decembro Xoves de 16:00 a 19:00 h.



2021/708 – Obradoiro básico de ukelele
***Imprescindible levar ukelele**

2021/709 – Iniciación ao teatro
**** Para quen o desexe, continúa no segundo cuatrimestre con POSTA EN ESCENA.**

2021/710 – Aula de música e baile tradicional galego

***** Obradoiro anual.** Quen desexe o diploma acreditativo do 1º cuatrimestre deberá ter unha asistencia obrigatoria ao 85% das horas neste cuatrimestre.

- **PERIODO DE MATRÍCULA:** do 27 de setembro ao 7 de outubro
- **NOS OBRADOIROS RESPECTARANSE TODAS AS MEDIDAS DE SEGURIDADE DERIVADAS DA COVID'19, SEGUNDO A NORMATIVA APLICABLE, INCLUÍDO O USO DA MÁSCARA QUE SERÁ OBRIGATORIO EN TODO MOMENTO.**
- **TAXAS:**

- **40 euros:** para o público en xeral.

As persoas pertencentes aos grupos determinados no acordo do Consello de Goberno da Universidade de Vigo de 1 de febreiro de 2021 sobre a consideración de persoa vencellada á universidade de Vigo en relación coas actividades de extensión universitaria:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/441>

terán as seguintes reducións segundo ao grupo a que pertencen:

- **26 euros:** membros da comunidade universitaria da Uvigo (grupo A) e colectivos do grupo B (redución do 35% sobre o prezo da matrícula.)
- **32 euros** Colectivo do Grupo C (redución do 20 % sobre o prezo da matrícula.)
- **Ao remate do obradoiro entregarase diploma acreditativo (asistencia obrigatoria ao 85% das horas) con recoñecemento de 1 crédito ECTS para as ensinanzas de grao por cada 30 horas.**

